



Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
C.P. 15881  
(A CORUÑA)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### ANTECEDENTES

11 de xullo de 2019. Acordo do Pleno do Concello de Boqueixón polo que se delegan na Xunta de Goberno Local a competencia para as contratacións de toda clase (obras, subministros, xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais e os contratos privados) cando o seu importe supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto e, en calquera caso, os seis millóns de euros, así como os contratos plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e as plurianuais de menos duración , cando o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido ós recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior o importe sinalado nesta letra (BOP nº 137 do 22 de xullo de 2019).

3 de outubro de 2019. Resolución da Alcaldía nº 208/2019 do pola que se delegan na Xunta de Goberno Local a competencia da Alcaldía para as contratacións obras, de subministracións e servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados, cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual ,cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada (BOP nº 192 do 9 de outubro de 2019).

Resolución do 25 de febreiro de 2020, da Dirección General de la Función Pública, pola que se resolve o concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (BOE número 56 do venres 6 de marzo de 2020), pola que se nomea secretario-interventor do Concello de Boqueixón a Dalmiro Núñez Méndez (toma de posesión do 12/03/2020).

Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE n.º 67 do 14 de marzo de 2020). Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se da publicidade ao acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19 (DOG n.º 51 do 15 de marzo de 2020).

### CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

A Disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, regula no seu apartado 7º as mesas de contratación, establecendo a súa composición que terá que publicarse no perfil do contratante do órgano de contratación correspondente e admitíndose a posibilidade de constituír mesas de contratación permanentes.

De tratarse dunha mesa de contratación permanente ou atribuírselle funcións para unha pluralidade de contratos, a súa composición terá que publicarse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (artigo 21.4 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 18 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (artigo 40)

## RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO.** Avocar a competencia da Xunta de Goberno Local para designar aos integrantes das mesas de contratación dos expedientes de contratación delegados na Xunta de Goberno Local por Resolución da Alcaldía nº 208/2019 do 3 de outubro de 2019.

Motívase a avocación na necesidade de designar os membros das mesas de contratación para poder publicar no perfil do contratante as licitacións das obras incluídas no Plan Provincial de Obras e Servizos Municipais 2019 (POS), para o que xa se tivo que solicitar unha prórroga á Deputación Provincial da Coruña.

**SEGUNDO.** Designar aos seguintes integrantes das mesas de contratación nas que o órgano de contratación sexa a Alcaldía e pola súa delegación a Xunta de Goberno Local:

Presidente:

Titular: Manuel Fernández Munín (alcalde)

Suplente: Ana María Seijo Mosquera (1ª tenente de alcalde)

Secretario:

Titular: Juan Manuel Corral Sánchez

Suplente: Rosario Iglesias Iglesias

1º vocal:

Titular: Dalmiro Núñez Méndez (secretario-interventor)

Suplente: realizarase conforme á normativa reguladora do réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2º vocal:

Titular: Anselmo Caeiro Vilar

Suplente: María Victoria Negrín Blanco

3º vocal:

Titular: Pilar Pazos Santasmarinas

Suplente: Juan Manuel Freiria Brey

**SEGUNDO.** Notificarlles esta resolución aos interesados coa indicación de que a mesma ponlle fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación, segundo dispoñen o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e o artigo 52.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tamén poderá interpoñer contra esta resolución un recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

En todo caso poderá utilizar calquera outro recurso que estime oportuno.

**TERCEIRO.** Publicar no perfil do contratante do Concello de Boqueixón esta resolución.

**CUARTO.** Darlle conta desta avocación á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que teña lugar,



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
C.P. 15881  
(A CORUÑA)

---

Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H

**QUINTO.** Darlle conta desta resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Boqueixón, na data da sinatura dixital.

Manuel Fernández Munín, alcalde

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor